



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE, PARA MUDAR O NOME DA PRAZA ALFEREZ PROVISIONAL DE OURENSE.

Expediente: N.7.Q/29119/17

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

Sr. alcalde:

Coa data de 13 de decembro de 2017, abriuse o citado expediente de queixa a petición de Don [REDACTED], actuando en nome e representación da *Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza (ADEGA)*.

Nel expoñíase que, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica, se mudara o nome da Praza do Alférez Provisional de Ourense.

Con baseamento no escrito remitido pola Sra. Alcaldesa en funcións o 26 de abril de 2018, suspendeuse a súa tramitación ata que a Concellería de Cultura se pronunciase sobre a devandita modificación.

Transcorrido de abondo o prazo subliñado, o interesado reitera a súa solicitude.

Consonte ao exposto e no exercicio da facultade atribuída a esta Institución polo artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo, formúlase á administración do Concello de Ourense a seguinte RECOMENDACIÓN:

Ao abeiro do disposto no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o órgano competente do Concello de Ourense, debe ditar unha resolución expresa, motivada e notificada ao reclamante, con ofrecemento dos recursos procedentes, no prazo máximo de tres meses.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo